

IV XORNADAS DE FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CEIP Francisco Vales Villamarín - IES As Mariñas - IES Francisco Aguiar
CFR A CORUÑA

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
ANPA Brigantium - ANPA As Mariñas - ANPA O Carregal
Excmo. Concello de Betanzos

29 e 30 de maio de 2015 - Aula de Cultura Xulio Cuns (edificio Liceo) BETANZOS
HOMOLOGADA PARA DOCENTES POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O. U. (12 horas)

DE CARÁCTER GRATUÍTO

Patrocinadas polo Excmo. Concello de Betanzos

SEGUIMOS OU PLANTAMOS? foi o comezo das xornadas de formación do pasado curso académico 2013-14. SEGUIMOS formándonos para mellorar a educación do noso alumnado e dos nosos fillos e fillas e, un ano máis e con pulo renovado, PLANTAMOS os principios cos que conseguir unha escola inclusiva e de calidade, que dea resposta á diversidade persoal, cultural, social... que a caracteriza e a enriquece e sendo conscientes de que o éxito é e será posible a través do traballo en equipo e coa participación e implicación, como ata agora, de todos os axentes educativos.

O VENRES 29 e o SÁBADO 30 de maio, continuando con esta andadura, celebraremos as IV Xornadas de Formación e Sensibilización sobre a Atención á Diversidade. Desta xeira as competencias, a igualdade e a coeducación, as comunidades de aprendizaxe, a xestión das emocións e a convivencia, a atención temperá... serán os eixos deste novo punto de encontro e colaboración entre docentes das diversas etapas educativas, as familias e as institucións.

Contaremos, unha vez máis, con profesionais de recoñecido prestixio e seguiremos dando voz e presenza a asociacións e entidades que traballan a prol da DIVERSIDADE.

As XORNADAS teñen recoñecidas as horas de formación e, ao igual que en anteriores edicións, contan con actividades paralelas de carácter lúdico-cultural.

DIRIXIDO A:	Docentes, pais e nais e persoas interesadas, en xeral.
COMO INSCRIBIRSE:	
Docentes:	https://www.edu.xunta.es/fprofe/
Non docentes:	http://anpabrigantium.blogaliza.org/
DATA LÍMITE INSCRICIÓN:	30 de abril de 2015.
PRAZAS LIMITADAS	Por orde de inscrición e segundo os criterios do CFR.
INFORMACIÓN ADICIONAL:	Dispoñible a partir do 30 de abril, sobre documentación, actividades paralelas, onde comer, durmir, que visitar... http://www.edu.xunta.es/centros/ceipvalesvillamarin/ http://anpabrigantium.blogaliza.org/

IV XORNADAS DE FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
Betanzos, 29 e 30 de maio de 2015

APERTURA (16:45 - 17:00)

Director do CEIP Francisco Vales Villamarín
Director do CFR A Coruña
Alcalde do Excmo. Concello de Betanzos

1. PRESENTACIÓN: Avaliar por competencias, unha chapa? (17:00 - 17:30)

- Competencias Clave: un enfoque esencial na educación do século XXI para atender á diversidade de alumnado. Pero... qué sensación temos diante do reto que supón a súa incorporación ás programacións dos centros? é viable? é positivo? cómo se fai?... É unha chapa?

Duración: 1/2 hora.

LUCÍA RUIZ CASAL (Licenciada en Psicopedagogía e orientadora do CEIP Francisco Vales Villamarín - Betanzos).

2. APRENDER POR COMPETENCIAS: A GRANDE OPORTUNIDADE PARA ATENDER A DIVERSIDADE (17:30 - 19:30)

- As Competencias Clave como un novo paradigma pedagóxico, o mellor posible para abordar as esixentes demandas da sociedade do século XXI, caracterizada pola globalización, a tecnificación e a multiculturalidade. Paradigma que xorde das tendencias educativas supranacionais e descende ata as nosas aulas, onde deberá ser aplicado no marco da nova LOMCE.

Duración: 2 horas.

JAVIER M. VALLE LÓPEZ (Doutor en Ciencias da Educación e profesor da Facultade de Formación do Profesorado e Educación da UAM. Director do Grupo de Investigación sobre “Políticas Educativas Supranacionais”. Asesor externo da Unidade Española de EURYDICE. Director da *Journal of Supranational Policies of Education*. Co-Director da *Revista Española de Educación Comparada*)

DESCANSO 19:30 - 19:55

3. INCLUÍDOS PARA INCLUIR - AGAT (20:00 - 20:30)

- A Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT) está constituída por profesionais dos campos sanitario, psicosocial e educativo, que traballan con nenos e nenas con discapacidades e coas súas familias.
- Coñeceremos os principais aspectos do *Protocolo de Coordinación, Intervención e Derivación Interinstitucional en Atención Temperá*, polo que se crea a Rede Galega de Atención Temperá a fin de establecer a debida coordinación, coherencia e optimización entre o sistema sanitario, educativo e de servizos sociais, para a atención da poboación infantil con trastornos de desenvolvemento ou en risco de padecerlos e das súas familias.

Duración: 1/2 hora

M^a TERESA BUSTO DOMÍNGUEZ (Pedagoga do Servizo de Tratamentos a Nenos con Discapacidades do concello de Noia e Presidenta de AGAT).

4. RIDER BLUES DO PAÍS (20:30 - 21:30)

- Transformar temas clásicos do blues e do soul internacional en cancións con referencias galegas. Isto é o que levan xa un tempo a facer por escenarios de todo o país o dúo *Blues do país*.

Duración: 1 hora.

BIEITTA JAMES e PEPE KING (Bieitta James é natural de Oza dos Ríos, aínda que se considera "ourensá de adopción". Pepe King -Brais das Hortas- vive en Santiago e leva tocando, segundo el mesmo afirma, desde que lle saíron os primeiros grans na nariz).

A reinterpretación que Bieitta James e Pepe King, coñecidos nas súas casas como Iseo e Brais, fan de clásicos como *Sitting on the dock of the bay* (*Sentadiña no pantalán*), *I just want to make love to you* (*Mirarche o cu*), *Killing me softly* (*Mátasme amodo*) ou *Mercedes Benz* (*Chimpín*) non deixa a ninguén indiferente. Eles amosan que é posible facer blues no idioma do país. Extraer o soul dos cultivos de millo, como se fixo en tempos pasados nos campos de algodón no outro lado do charco.

"A idea xurdiu polo paralelismo que atopamos entre Galicia e a súa idiosincrasia, a súa morriña e retranqueo, co *feelin' blue* de Mississippi e Lousiana", explica Iseo Agilda, que se embarcou co seu compañeiro de Sacha na Horta na aventura de "darlle un golpe de retranca a eses acordos bluseiros".

Algunhas versións respectan o espírito do tema orixinal. Se Janis Joplin pedía a Deus un Mercedes Benz, Bieitta James reza por un chimpín. "Unha Janis Joplin que nacera na Terra Chá pois que ía a pedir, un chimpín, que é o que máis farda!", bromea.

Outros clásicos do blues sufriron unha transformación radical. É que Bieitta James e Pepe King non dubidaron en darlle a volta a pezas como *I just want to make love to you*, de Etta James. "O tema xa empezaba cunhas frases que me horrorizaban, en plan, quero ser a túa escrava, por ti vou facer de todo, cun rol de muller submisa... E a nosa letra ven a dicir todo o contrario, que non vou a ser a túa escrava pero que a mandanga si a quero, que presta un montón", manifestou, con humor, nunha entrevista Iseo.



Programación

SÁBADO, 30 DE MAIO (mañá)

SINATURAS (09:45 - 10:00)

5. EXPERIENCIAS SIMULTÁNEAS (10:00 - 11:30)*

Duración: 1 hora e 1/2.

5.1. AS COMPETENCIAS NA PRÁCTICA

- A sesión estará centrada no traballo desenvolvido no IES Plurilingüe Fontem Albei dende a súa participación no proxecto COMBAS e como enfoca o centro o traballo competencial.

GABINO GONZÁLEZ VEGA (Profesor de Tecnoloxía no IES Plurilingüe Fontem Albei da Fonsagrada, coordinador dos programas COMBAS A2 e COMBAS A3, coautor do artigo “*A casa polo tellado*” no EDUGA).

DELIA REMEDIOS POLO QUESADA (Profesora de Lingua e Literatura Galega no IES Plurilingüe Fontem Albei da Fonsagrada, coautora do artigo “*A casa polo tellado*” no EDUGA).

5.2. AS COMPETENCIAS: UNHA DAS CLAVES DUNHA AULA INCLUSIVA

- Dende hai varios anos, no CPI de Atios (Valdoviño), están a realizar unha serie de cambios metodolóxicos e unha intensa formación para potenciar e posibilitar o desenvolvemento das competencias clave do seu alumnado. Isto, xunto con outras estratexias coma por exemplo a formación en aprendizaxe cooperativa, a desvinculación progresiva dos libros de texto e a introdución dunha metodoloxía por proxectos e tarefas integradas, estalles permitindo acadar un auténtico cambio educativo e dar unha resposta axeitada ás necesidades o seu alumnado.

LAURA ADELA FERNÁNDEZ BLANCO (Mestra especialista en AL e PT, na actualidade exerce coma titora no CPI de Atios, onde coordina e imparte formación da liña competencial dentro do PFPP. Nese mesmo centro, foi tamén coordinadora do proxecto COMBAS).

DESCANSO 11:30 - 11:55

- * Por tratarse de actividades simultáneas, no seu momento notificárase a todas as persoas inscritas, por correo electrónico e con anterioridade ao inicio das Xornadas, como e onde decidirse por unha delas.

6. IGUALDADE E COEDUCACIÓN, MEDIACIÓN ESCOLAR, CONVIVENCIA E EDUCACIÓN EN VALORES (12:00 - 13:30)

- **AtalaiA.social** é unha empresa que se dedica ao deseño e implementación de proxectos socioeducativos e leva traballando oito anos no eido familiar e escolar. O equipo técnico componse de persoas formadas en Ciencias da Educación (Educación Social e Psicopedagogía), en Asesoramento e Orientación Familiar e no traballo educativo con perspectiva de xénero.
- Nestes anos, desenvolveron ese traballo en múltiples concellos maioritariamente da provincia da Coruña: Carral, Pontedeume, Narón, Coruña, As Pontes, Fene, Ferrol, Valdoviño, San Sadurniño, Compostela...
- Os proxectos levados a cabo varían de contidos e obxectivos en función da demanda e das persoas destinatarias, traballando fundamentalmente en proxectos relacionados con igualdade e coeducación, mediación escolar, convivencia e educación en valores.
- A súa intervención encamiñase a identificar aquelas condutas cotiás, no entorno social, familiar e escolar que reproducen mensaxes desiguais, visibilizando as pautas necesarias para romper cos estereotipos e acadar unha educación plural e posibilitadora. Asemade, presentarán diferentes iniciativas levadas a cabo en diversos centros escolares co fin de sensibilizar e formar a alumnado e profesorado nun trato igualitario e respectuoso.

Duración: 1 hora e 1/2.

IRIA GARCÍA MARTÍNEZ (Educadora social e terapeuta familiar con formación e ampla experiencia no traballo socioeducativo dende a perspectiva de xénero).

Diferentes momentos das
III Xornadas de Formación e
Sensibilización sobre a Atención á
Diversidade, celebradas os días 9 e 10 de
maio, do pasado ano.



Programación

SÁBADO, 30 DE MAIO (tarde)

SINATURAS (15:45 - 16:00)

7. CPI DE CASTROVERDE, COMUNIDADE DE APRENDIZAXE (16:00 - 18:00)

- Experiencia da primeira Comunidade de Aprendizaxe de Galicia.
- Actuacións Educativas de Éxito
- Grupos Interactivos: exemplos prácticos.

Duración: 2 horas.

ANA M^a PÉREZ VEIGA (Catedrática de ensino secundario nas especialidades de Física e Química e Tecnoloxía, directora do CPI de Castroverde e coordinadora do proxecto de Comunidades de Aprendizaxe).

M^a TERESA NÚÑEZ PRADO (Especialista en PT, Lingua castelá e Lingua Francesa, mestra-titora do primeiro ciclo de primaria no CPI de Castroverde).

DESCANSO 18:00 - 18:25

8. A XESTIÓN DAS EMOCIÓN: UN RETO INDISPENSABLE PARA A EDUCACIÓN E A CONVIVENCIA (18:30 - 20:00)

- Coñecernos e coñecer ás persoas que nos rodean é indispensable para regular a conduta. Desa regulación dependerá a nosa estima e a convivencia cidadá. Por esa razón, apostar polo coñecemento das emocións propias e alleas, a autonomía, a empatía e o respecto, é unha obriga da educación do século XXI.
- Aprender a coñecer, aprender a facer, aprender a vivir xuntos, aprender a ser... *Difícilmente se pode aprender a “ser” e a “vivir xuntos” se seguimos cun modelo educativo que nos fai mais hábiles co mundo físico ca co social; que nos leva a saber máis cousas do mundo exterior ca da nosa propia intimidade; a coñecer máis os obxectos ca a nós mesmos ou as persoas que nos rodean* (M^a del Carmen Loureiro).

Duración: 1 hora e 1/2.

M^a DEL CARMEN LOUREIRO LÓPEZ (Licenciada en Psicoloxía e mestra de Lingua e Cidadanía no IES da Illa de Arousa).

CLAUSURA (20:00 - 20:15)

Director do CEIP Francisco Vales Villamarín
Alcalde do Excmo. Concello de Betanzos

9. XABIER DÍAZ - SET SOLO, ADUFES E PANDEIRETAS (20:15 - 21:15)

- Xabier Díaz traballa, na actualidade, no que será o seu novo disco en solitario no ano 2015, un proxecto tremendamente ambicioso, con 11 cantoras e percusionistas tradicionais mais un set de acordeón e zanfona, polirritmias, melodías populares filtradas pola súa propia e singular maneira de reinterpretar a tradición, un traballo de renovación da música popular galega e que vai engadir un enfoque vangardista e diferenciado da mesma.

Duración: 1 hora.

XABIER DÍAZ CARRO (Músico e compositor que compaxina estas dúas facetas cunha laboriosa actividade como investigador e compilador do folclore tradicional galego).


Xabier Díaz compaxina as súas facetas de músico e compositor cunha laboriosa actividade como investigador e compilador do folclore tradicional galego. Froito deste traballo editou *Coplas para Icíá* (2007) coa participación a Pedro Lamas e Suso Iglesias.

Foi cantante titular da compañía Nova Galega de Danza coa que realizou os espectáculos *Alento, Engado e Tradición* que xiraron pola península ibérica.

Formou parte do grupo Berrogüetto, dende os comezos do 2008 ata o 2014 no que a banda anunciaba a súa disolución, co que acadou numerosos premios e recoñecementos.

Participou con Guadi Galego, Guillermo Fernández e Xosé Lois Romero no proxecto aCadaCanto.


Ao longo da súa carreira compre destacar numerosas colaboracións en discos e concertos, con diversos artistas e formacións como Luar na Lubre, Amancio Prada, Os Cempés, Marful, Nordestinas, Kepa Junquera, Uxía, Xosé Manuel Budiño... Ten tocado en latitudes tan diferentes como México, Zimbawe, Alemaña, Uruguai, Italia ou Perú...



IV XORNADAS

DE FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN
SOBRE A ATENCIÓN Á

DIVERSIDADE



29 E 30 DE
MAIO DE 2015
AULA DE CULTURA
XULIO CUNS
(Edificio Liceo)
BETANZOS

CEIP Francisco Vales Villamarín
IES As Mariñas
IES Francisco Aguiar
CFR A Coruña
Consellería de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria
ANPA Brigantium
ANPA As Mariñas
ANPA O Carregal

Patrocina:
Excmo. CONCELLO DE BETANZOS



COLABORAN

